



Concello de Sarria

ASUNTO: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA E DINAMIZACIÓN DO CONCELLO DE SARRIA PARA A ORGANIZACIÓN DA I EDICIÓN DO CONCURSO DE MICRORRELATOS DE NADAL “ENTRE PARÁGRAFOS NEVADOS”.

Coa finalidade de estimular a creatividade literaria, fomentando a escrita creativa e promovendo a lectura e escritura en lingua galega.

PROPOÑO:

Organizar a I edición do Concurso de microrrelatos “Entre parágrafos nevados” 2023 de acordo coas bases reguladoras que se expoñen a continuación:

PRIMEIRO. REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA I EDICIÓN DO CONCURSO DE MICRORRELATOS.

- A) Participantes: Poderán participar todas as persoas físicas que o desexen, de forma individual. Se o participante é menor de 16 anos precisará a autorización da nai, pai ou titor/a legal.
- B) Condicións: as obras terán que ter una extensión de entre 300 e 500 palabras e como requisito todas elas deben de comezar con esta frase: “Era unha fría tarde de inverno, en Sarria”.

SEGUNDO. INSCRICIÓN.

A) Data e forma de inscrición e presentación: Os orixinais presentaranse en PDF, en formato DIN-A4, en letra Times New Roman ou similar de corpo 12. Deben enviarse mediante correo electrónico a microrrelato.nadal@sarria.gal entre os días 12 e 22 de decembro acompañados doutro documento onde figure a identidade do autor ou autora (nome, enderezo, correo electrónico e teléfono), facendo constar no nome do documento o título da obra e a palabra PLICA. A inscrición non será efectuada se a/o participante non recibe un correo coa confirmación da recepción por parte do Concello de Sarria. Non se admitirán inscricións presentadas fora do prazo e medios establecidos nestas bases.

As bases do concurso poderanse descargar na páxina web oficial do Concello de Sarria www.sarria.es e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>.

B) Aceptación das bases: O simple feito de participar co envío da inscrición significa a aceptación das bases deste concurso.

C) Tratamento de datos: Os datos dos participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Sarria, coa única finalidade de xestionar o proceso de participación no Concurso. En ningún momento se empregará esta información para outras actuacións. As autoras e autores poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos mediante escrito ao correo electrónico, ou ao Concello de Sarria Rúa Maior 14, 27600 SARRIA (LUGO).





Concello de Sarria

O Concello de Sarria comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

TERCEIRO. PREMIOS.

Establécense os seguintes premios establecidos en dúas categorías:

CATEGORÍA XUVENIL: de 0 a 17 anos

- 1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €
- 2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €
- 3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €
- 4º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €

CATEGORÍA ADULTA: maiores de 18 anos

- 1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €
- 2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €
- 3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €
- 4º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €

As tarxetas regalo soamente poder ser utilizadas en establecementos do Municipio de Sarria.

CUARTO. OBRAS GAÑADORAS.

As obras serán elixidas por un xurado profesional que terá en conta a orixinalidades e a calidade dos mesmos.

QUINTO. COMUNICACIÓN AOS GAÑADORES.

Comunicarase telefónicamente os premios e publicarase a información na páxina web e nas redes sociais.

SEXTO. CESIÓN DO USO AS OBRAS

O concello resérvase o dereito de realizar a publicación das obras presentadas na páxina web e nas redes sociais, facendo mención a cada autor/a.

SÉPTIMO. OUTROS.

Todas as dúbidas, problemas e queixas que xurdan na interpretación destas bases resolveranse directamente polo Concelleiro Delegado.

